

FESTA - DA - DORNA

LXXVII
SINJLADURA

18 Ao 24
2025
XULLO

RIBEIRA

Baile
de Jala
9 AJOOSTO






Concello
de Ribeira



XUNTA
DE GALICIA

//ABANCA





Concello de **Ribeira**



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CADERNO DE BITÁCORA DA

LXXVII SINJLADURA DA FESTA DA DORNA



Actos a celebrar co gallo do LXXVII (satenta e sete debe ser) aniversario da botadura da dorna “Virgen del Carmen”, axeitándonos ó expresado no noso Caderno de Bitácora:

VENRES 18 DE XULLO

Día adicado a **Toño e María**. Hoxe a Festa da Dorna levanta a vela en honra aos que superon levar as dornas con bo rumbo. Para vós estes Encontros, patroneando a Dorna Nai co paño da Perla Nejra. Toño, unha caña pola borda en lembranza e sempre na memoria, patrón dos que non calaron e que bojaron pola Cofradía.

09:59 h. SATENTA E SETE BADALADAS da man do párroco Alfonso Mera, que lle dedicará unha delas a Jorge Mario Bergoglio, alias Francisco, polo seu resiente assenso ao mundo selestial.

Anunsiarán, no setenta e sete ding, dong, danggg, que xa está aquí a Festa da Dorna. Non unha calquera: a LXXVII Sinjladura, que vén sendo coma a reunión anual da ONU versión valjamedios. Así que ide despertando cans de cochás.



11.11 h. A lus do **FACHO DORNEIRO** cobra aínda máis sentidiño despois do jran apajón peninsular que deixou a Ribeira con menos luses que o alumeado do Nadal en Castiñeiras. Serán os Corsarios do Barbansa os encargados de levar o facho dorneiro polo sentro de Ribeira. Estase estudian-do pasar pola Amarella escoltados por antidisturbios. Durante o percorrido, teremos un tramo especial pensado con ajarimo para toda esa xentiña con diversas capacidades, pa que tamén poidan josar da actividade sen ruído e sen trastornos, todo o contrario a un pleno dos nosos queridos gobernantes.

Orjanisan Corsarios do Barbansa e Necoramantes

A CAMBADESA
COCIÑA a BAR

AQUELARRE

12.28 h. XI RUTA DE TAPAS ESTRELAS MIJELÍN. Abre a boca e resa un padrenuestro, prepárate para un percorrido culinario polas **Fanequeiras Autorisadas** que fará parecer a cosiña de Dabiz Muñós á dunha jasolinera da AP-9 das que poñen polbo precosinado en microondas.

Aquí non hai esferificacións de ajuardente nin espuma de persebe chileno. Aquí hai tapa coma Dios manda, do estilo edición delicatessen de jrelo revenido con cabelo de potra salvaxe vaporeada nun baño químico de praia, iso si, con toallíñas perfumadas e servilletas de papel duro. Kebab de vieira espraída con sirope caramelizado de eucalipto e coroado cunha nube de iojur etéreo de leite de unicornio xenuíno do Barbansa. O leite foi ordeñado manualmente por unha influenser de la Puebla que só consume infusións de ortija vitaminada con napalm, mentres resita haikus en jallejo normativo. Unha experiencia multisensorial que activa o justo, o olfato e o instinto de supervivencia.

Nota do chef: todas as tapas poden provocar emocións intensas no intestino, revelacións espirituais ou lixeira perda de visión periférica, así que botade bo ollo ás intolerancias alimentarias.

Orjanisan os Tabeiróns Caralludos



16:07 h. As Fanequeiras autorisadas volven erxerse coma templos do caos dorneiro no **XXXIV ENJALANAMENTO DE FANEQUEIRAS**. Cartulina embadurnada con jomina, pintura seca, papel maché reciclado, sinta americana, cartón mollado e ideas que non pasaron jrasias a Dios por nincún filtro de instajram. As peñas dorneiras jastan ata a última pinca de creatividade en representacións teatrais de estilo victoriano. Jolibud non sabe ben o que se está perdendo, e menos mal.

Orjanisan os Necoramantes

21:57 h. MACROQUEIMADA ou Jran Destilación MísticaFestiva (utilizamos este nome en papeleos administrativos para confundir ás autoridades). Convócase á todo vesiño da ría, do monte ou do metaverso, a partisipar nun ritual de combustión de líquido espirituoso con fins lúdicos e amorosos. Un conxuro que transforma a calquera humano medio nunha versión mellorada de si mesmo.

A bebida será preparada por meijas, bruxos e unha unidade móbil das **Lampreas máis Preas**, que velarán pola mestura exacta de etanol, lume e sirope de caña. Ideal para espantar malos espíritos, a veganos e a jodechinchos. Pasa polo chirinjito dorneiro a coller a túa cunca.

Aviso: pode conter trasas de alcol metílico, o cual pode producir visións, ilusións, paixóns incontroladas e janas de subir a unha dorna e jritar “eu controlo”.

Orjanisan As Lampreas máis Preas

PANCOMIDO
DENDE 2014 *Café e Pan*

ALVAREZ
RIVEIRA


22:29 h. Na **Porta do Sol**, con estilo enteiramente dorneiro, comensará a solemne **SIRIMONIA DE INISIACIÓN da LXXVII Sinjladura da Festa da Dorna**. Co prejón a carjo de Aida (sin tilde) Tarrío, a das Tanxugueiras, a cantareira con máis flow do universo, vos sajrada do século XXI e probable descendente directa dunha meija con autotune. Aida traerá a súa palabra poderosa, o seu peito aberto e, se cadra, unha copla ancestral cunha base de rejetón jallejo capás de poñer a traballar ata aos técnicos de deportes. Si non estás, que non cho conten. O que pasa na Dorna que quede na Dorna.

Durante a Sirimonia, **entrejaranse as Bandeiras Conmemorativas da LXXVII Sinjladura** ás Peñas Dorneiras que sijan en pé, consientes e con a lo menos un membro vivo e presente no acto. Deixádevos de carallos, que non faja falta ter lista a man aberta para espantar espabilados.



23:07 h — No **PUNTO VIOLETA** (de 22:03 a 02:59) situado **nas inmediacións de Bandourrío** marcarase un fondeo sejuro, por se aljún bocacháncas tenta confundirse de século durante o **DANSIN IN DE SITI** (para los jodechinchos: sona de colisión dorneira autorizada para mover o esquelete e poñer a proba sonotones).

Na **Plasa de Pontevedra**, o anteriormente dinamizador de tanatorios, **MATEO ABELLEIRA**, fará retumbar as fiestras daqueles que, por méritos propios, herensia ou desjrasia, meresen un altar no Reino dos Seos *Jodechinchos: nos referimos a los vecinos de Bandourrío. Na **Porta do Sol**, caladoiro satánico da ljesia, o DJ máis selestial de Ribeira, **DJ LANDEIRA**, vestirá alsacuellos e sotana para pinchar avemarías con máis groove que unha misa dominical con jospel. Mentres tanto, na **rúa Alcalá Jaliano**, que ten máis locais profesionais dorneiros por metro cadrado ca bares en Fondevila, o pinto coa lista máis jrande de cansións piratas descarjadas do Emule, **DJ CT**, deleitará aos asistentes con mesclas musicais máis pelijrosas que un tenderete de fentanilo no Monumento.



Por unha noite, este triánjulo das Bermudas convértese no episentro do desaxuste sonoro da LXXVII Sinjladura, unha sona onde desaparese o sentido do ridículo e nase o ritmo tribal vikinjo. Todo isto sen control sonoro, sen rejulador de sonotones e jas a fondo nas mesas de mesclas. E por si fora pouco, estará ben acompañado pola orjanisación milimétrica musical **en catro fanequeiras autorizadas**. Cada esquina deste mapa será un punto en erupsión permanente, con capachos de ruído e cancha para jastar pista.

Na **Rúa do Peirao**, **DJ ANXOSOBRIDO**, enjendrado por Horse Luis nunha rave de cabalos, DJ de loops imposibles e das sesións que empesan suaves e rematan con xente abrasando farolas. En formato sobremesa de medianoite, nos **fondeos da Caseira: LEITE CON JALLETAS**, un trío que mestura melodías das de jichar e traumas de infancia bailables daquela maneira. **O METAL FEST** na **sentina do Chirinjito Pedra Pateira**, os desibelios subirán ata poñer aos paxaros a piar en Re menor e revivir aos espíritos jebis de ultratumba da man de **Kúspide, Os Barbansónicos e Wolframio**. No **Ídolos** estará **DJ @zunguiirg**, compositor da jranxa de Zenon, pai dos Jorilas de Mélodi e produtor do Bailar pejados de Sérgio Dalma en versión dirty dancing, daralle ao play e mesclará como moito un juarisnais.

Nota mental para espabilados: co beneplásito da Cofradía todo altavos fóra de hora e sen sentidiño será retirado ao punto limpio polos pitufos. Os cantamañanas que armen liorta serán persegidos por crímenes contra a desensia e a pulcritú.

SÁBADO 19 DE XULLO

Día adicado a **Pepe Luis Sacau** (presidente de Culturmar), pola súa sabiduría impecable e a súa jran capacidade orjanisativa na orjanisación dos Encontros de Embarcacións Tradicionais. Home-naxe ben meresida a un home que nunca se deixa asesorar... porque para que, se xa vén orjanisado de serie. Eres un artista (ironía).

10:57 h. Hoxe toca vestir con respecto e desensia, ou polo menos sen purpurina, para poder josar do **DÍA DO ORJULLO JAITEIRO**, onde as jaitas, os bombos, os pandeiros e as panderetas estarán nas mans do melloriño da musica tradicional jalleja. Entre eles:

Suasebe, que vén tocando coma quen conxura a chuvia.

Os Enxebres de San Lázaro, tocan a ritmo de trócola averiada.

Tahume, capases de poñer a bailar unha muiñeira ata a Ventoso.

Laghareu, expertos en tocar jaiwall tu jel ca jaita.

Trécola, son dos que levan “I love pandeiros” tatuado no lombo.

Os Liantes, nome que fai honra polo seu paso por Teixeira.

Riparia, tocan a pandereta con discos de serra orbital.

Borja e Cía, Borja en solitario non podía con todo.

Andavía, pretérito pluscuamperfecto do verbo andiar.

Río de Anxo, era aquí ou no Son do Camiño. Desidiron con sentidiño.

Banda Estivada de Calo, antes estivadores da descarja.

Os Festas, quedoulles a cabeza a arder co nome.

Prepara os oídos, afrouxa os callos dos pés e deixa que a tradición che entre polo peito ao estilo vipsbapurú.

11:01 h. Saída **dende Capitanía** ca idea de chejar **de volta á Plasa de Teruel** entre ás **15:04** e ás **15:06**.

12:21 h. Última oportunidade de coller unha cajarría na **ruta de tapas Estrella MJELÍN**. Hoxe comer na casa non ten sentido. Pásate a dejustar auténticas maravillas culinarias, onde o bo justo se perdeu fai tempo, pero a creatividade seje viva e coleando. Proba a colloada de dromedario en repouso con escama crocante de crica, ou a xa mítica tosta de pan de cando estaba aberto o Josué con samburiña tibia e recheo de tataki de coello, servida sobre salvamanteles da Cafetería María do ano 1986. Non perdas o entrecot de berberecho híbrido sobre pan de molde con sentimento de abandono, unha obra de arte efímera. E de postre, mus de peixe con chocolate de tinta de lura e sentro líquido de mexo de oca. Todo isto, maridado con viño Albariño Rifirrafe e ajua da fonte de Fondevila.

Orjanisan os Tabeiróns Caralludos

15.32 a 17.29 Jran Folión na **Plasa de Teruel**. A foliada suprema, que ten máis flow ca un aquelarre amenisado con pandereta. Jaiteiros e jaiteiras darán vida ao delirio enxebre nun encontro folclórico de tradición jalleja non apto para oídos adaptados ao autotune. Aquí si lle dis a unha pandereteira ‘dame contacto’, ou ‘me la pones dura, figura’ acabas cun fol esnafrado na cabeza.



17:03 h. XXXIII XOJOS E DEPORTES POPULARES DE TERRA, no **Coroso Arena Stadium**. Probas de forsa, equilibrio, axilidade e de estratexia mental mestúranse nun campionato no que cada proba é un desafío á lóxica, ao equilibrio e á Lei de Prevención de Riscos Laborais. O dopaxe en etanol será penado con sete días de traballo social na Puebla, que fai moita falta.

Disiplinas deportivas e peñas orjanisadoras:

Xojos para nenos (Eskachos)

Brilé -The lirios tremens

Pano - Ratos da illa

Pulsos - Lenjuados envriajados

Canicas - Os pintos

Dominó - Coco chanel

Chapas - Atuna nejro

Pión - Rapantes

Jenka dorneira - Rapantes

Limbo - Necoramantes

Reasión en cadea - Entrepotas

Dorna bike - Berberechos asasinados

Tirar da corda - Caracolas en sirolas

Tuister - Derrape mental

Carretillas - Pescadillas con ladillas

Desequilibrados - Coco chanel

Peletra - As llapras do stop

O parvo das sillas - The lirios tremens

Tiratacos - Persebes coma punhos

Carreira de sacos - Pescadillas con ladillas

Saltar á corda - Caracolas en sirolas

Billa - Os petóns

Orjanisan Tocando Fondo, Límpame o sable e DeRape Mental

18:12 h. Naljún sitio de Coroso, MINIDISCO INFANTIL, un encontro masivo de menores en liberdade vixiada, onde sentos de criaturas con exceso de asucre convertirán coroso nunha rave de rejetón desnatado.

Orjanisado polos Pintos






Na **prasa da ijlesia**, entre as **22:01** e as **03:04**, estará o **PUNTO VIOLETA** en colaboración co CIM de Ribeira, lugar onde se lembra que a festa non é excusa para comportarse coma un jabalí en selo. Disfrutade da Festa con sentidiño.



22:12 h. XXXIV SERTAMEN ITINERANTE DE CANSIÓN DE TASCA. Festival lírico de fanequeira onde as voses máis rotas da comarca competirán a peito aberto e corto na man por ver quen desafina con máis jlamur e con arritmia sonora. O sertame honra os jallos feitos coa arte de cantar sen partitura e sen verjónsa, co mesmo descaro co que un persebe se pon duro en marea viva. As rutas e posta en escea estarán coidadosamente desorjanizadas cun itinerario con pouco sentido e un xurado con menos idea que Visente o da farmasia recomendando preservativos.

A Tuna Nejra, jane ou non jane, optará a meterse no Top Des de Spotifai, ou, cando menos, a quedar fixada na retina do señor do terseiro, que xa chamou tres veces á Polisía Local, non por escándalo, senón para prexuntar onde se pode comprar unha sinta dos fijuras.

Orjanisan os Tabeiróns Caralludos




DOMINGO 20 DE XULLO

Día dedicado a **Bretal**, xefe da Polisía Local de Ribeira, mestre da estratexia polisial que, cos seus dous santos collóns e visión de alto mando, colle as vacacións xusto na semana da Dorna. Confía no libre albedrío, na improvisación táctica e en que Deus reparta sorte entre os que quedan. Un referente do bo criterio e da disiplina, pero mellor que o xestionen outros.

12:12 h. Inísiase a **montaxe do sircoíto da Mámoa**. Colchóns de muelles farán de muros de contención instalados sejindo patróns aerodinámicos inspirados nun soño de Fernando Alonso. Solísítase a colaboración das peñas, non sexades palanquíns e vinde a botar unha man que vos damos puntos (especial atención aos Corsarios do Barbansa).

16:15 h. Todo listo para levar os bólidos aos boxes **da Rosalía de Castro** para a **EXPOSICIÓN DE CARRILANAS**. Os prototipos chejarán con cheiro a madeira quente e serrín con valvulina, seus equipos técnicos vestidos con monos sudados, cascos reciclados de obra e sorriso tenso do que sabe que os frenos son decorativos. Os espectadores poderán ver de preto os bólidos, analizar o sistema de dirección rudimentaria e soltar frases ao aire paresendo que se sabe do tema, como “ten a xeometría de Ackerman desaxustada” ou “nesta sona non poden abrir o deerreese”

18:02 h. Nun ambiente de alta tensión e cheiro a joma queimada, dará comeso a **subida de formación**, onde as carrilanas assenderán a modo exhibición dos chasis de madeira en fase de combustión, xirando de esquerda a dereita para ver que o loctite que ajuanta o volante sije funcionado.



19:01 h. Pistoletaso de saída á **XXXIV EDICIÓN DO JUAN PRIX DE CARRILANAS**. Lembrade que cambiamos o trasado coa construción da **RETONDA DAS CARRILANAS**, botaremos a cara ou cruce si o trasado vai a ir pola dereita ou pola esquerda, estamos ansiosos por saber cal vai a ser a primeira peña que a estrene. Dende a organización recórdase aos espectadores ter sentidío, respetar as normas e non meterse no medio, por moita fe que lle teñan aos reflexos ou á virxe do Carme. Rójase reaccionar rápida e dignamente ante unha carrilana en descontrol, evitando saídas torpes, caídas ridículas ou vídeos que acaben nun programa de sapping ás dúas da mañá. A carrilana non distínxe entre público e decorado.

Ao remate do evento en coherencia co espírito partisipativo e coa loxística de mínimos que caracterisan á Festa da Dorna, ajradésese ao público a baixada e colocación das vallas no sitio que indique a organización.

Organizan Mala Nécora, Tocando fondo, Corsarios, DeRape Mental, Caracolas en sirolas, The Lirios Tremens, Rabalistas, Backstreet bois, Polbos do Vilar, Mira como lusco, Raia da fariña, Masados coma pulpos

**MATADERO
CASADOR**



*Tanatorio-Funeraria
Los Dolores*


20.37 h. Actuación estelar **no Auditorio de Ribeira** da **Claire McDowell School of Irish Dance** coa colaboración do **grupo Bailadela**, con entrada de balde. Para os que non están familiarizados coa danza irlandesa desir que é coma a que bailan os probes de terseira clase, a chatarra lo, na escena esa do filme do Titani, de cando DiCaprio leva á señora da Puebla á festa dos que se poñen a beber coma se non houbera mañá, mesclando Veterano con Fanta e bótandolle jasiosa ao solisombra despachando juarismos en tamaño tambor de deterxente. Estilo Nasareno.



21:05 h. Na **Porta do Sol**, loxo de darte unha ducha (lémbroche que despois de tres días, vai facendo falta) vén a josar do **FINAL DO SERTAMEN ITINERANTE DE CANSIÓN DE TASCA**. Se todo vai ben, a peña orxanizadora novamente estará na final, noraboa aos Tabeiróns polo loxo.

23:31 h. Na **porta da ijlesia** terá lugar o **VÍDEO MAPING**. Abride ben os ollos e estade atentos, que empesa a sesión audiovisual lumínica que confundirá a calquera que pase por alí buscando misa ou lotería na de Valeiras.

Un ritual visual na fachada da ijlesia que mestura tecnoloxía punteira con luminaria das festas de ajosto. Preparade os ollos e a consiensa porque o que se vai proxectar é pura maxia dorneira con cableado artesanal, luses, sombras, lóstrejos e visións que che farán dudar se estás nunha romaría do século XXI ou nunha rave orxanizada por Abel Caballero. É probable que se volva a producir un apajón polo alto jasto lumínico, baixade o kit de supervivencia composto por chuvasqueiro, lata de conserva, pajitas, sudadera dorneira e metálico.



23:57 h. Na **Porta do Sol**, **CONSIERTASO** da man do **RockAndDorna** de **BANDA XANGAI**. O nome completo é “A Orquestra Bravú Banda Xangái”, pero a tinta de impresora está cara así que por motivos de eficiencia económica, de agora en diante referirémonos a eles coma “os do nome grande”. Liderado por vocalistas que, aínda que paresen saídos dunha escola de sirco alternativo, loxran sincronizar máis de tres acordes sejidors aprendidos na escola musical de denoite. Capachos de desibelios jallejos dos de jastar pista sen ter que faser bailes idiotas.



MUSIEVENTOS

Producción - Sonido - Iluminación




ELECTRO NAVAL PERFECTO, S.L.
Puerto Pesquero, Zona B, Nave 18
SANTA EUGENIA DE RIVEIRA
15960 - A CORUÑA
Tlf . : 981 87.13.92 - Fax. 981.87.32.02
www.enpsl.com - info@enpsl.com

- Reparacións e instalacións eléctricas navales e industriais
- Cuadros eléctricos de automatismos, Arrancadores, Distribución,
- Autómatas programables e pantallas táctiles
- Alumbrado industrial y naval LED

LUNS 21 DE XULLO

Día dedicado a **Fransisco Suares-Puerta Colomer**. Segundo tenente alcalde, consejal delejado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, actor de fijuración en carteles e telenovelas turcas, conde do Ventos e consejero delejado da farándula ribeirense. Non había máis títulos dispoñibles no rexistro, que xa non lle collían no letreiro do despacho. Podédelo atopar facilmente cunha caña na man e un discurso preparado por se hai que inaujurar algo ou saudar en dous idiomas. Político multitarefa e embaixador ofisial do “xa se verá” e tamén do “eeeeh...”.



15:56 h. CONSIERTASO da man do RockAndDorna DE BATEA na **Area Secada** de **EL CLAN DE LOS IMPOSTORES**. Jrupe experto en aljoritmo musical mesclado con talento, intuición con arranxos tan finos e sincronías tan perfectas que sonan máis a silisio que a ensaio. Ide preparando os jorros de baño de licra, os flotadores de plástico reseco de estar ao sol e as vosas mellores dotes de natasión artística porque vanvos faser falta para botar as brasadas prohibidas disfrutando da sesión actuático-musical por antonomasia. A pissina de olas de Serseda vai pareser un juarishnai a medio beber en comparación ca ensenada do Touro.




17:03 h. Un ano máis, a carjo de GECKOS SURF SCUL. **TRINAUTLÓN DORNEIRO** na sona de **fondeo de Area Secada**, que para quen non o sepa, a Secada foi, é e será sempre, o picadero por exelencia, sona de contacto visual, físico e astral, onde un fojete é máis rápido que explicalo e menos incómodo que nejalalo. Nesta edición, a loita polo torneo estará protajonisada polos intejrantos máis musculosos do ecosistema dorneiro, lusindo rastas coma quen leva anos atrapado nun videoclip de surfistas jaguallanos e cun moreno de Chernóbil pillado no Vilar. Todo isto amenisado por **DJ Matrek** color camarón cosido e a punto de sufrir unha insolación (vaille sacar o puesto ao noso presidente).


Patrosinada por Jrinpís, arredor das **18.32** horas terá lugar a **PESCA DO PARRULO**.

Orjanisan DeRape mental e Mala Nécora.

23:26 h. Na Ijlesia, VÍDEO MAPING. A fachada da ijlesia volve a converterse nun lienso divino de lus e cor, nun ejersisio de fe visual sen presedentes. Veranse dende formas xeométricas imposibles ata vídeos de TikTok do mismísimo Manolo Ruis jravados nos baños do Senado, patrón dos influensers, profeta do contido viral e mesías do selfi con filtro de peluquería medieval. Todo isto acompañado de fume litúrxico, resplandor retroiluminado e música que che vibrará no páncreas.



23:51 h. CONSIERTASO da man do RockAndDorna de O FUNKILLO na **Porta do Sol**, nova sesión de Rock and Dorna. O jrupe, que aprendeu a tocar cando faltaban ao catesismo para ver videoclips de Maikel Jasón en bucle, trae un repertorio similar, pero en edición cadera tullida e gritos satánicos de orquesta. Podedes faser coma nós e ir a escoitalle as cansións máis populares no espotifái (ou Apple miúsica se teus pais son de La Puebla) e así ver si vos vale a pena camiñar os cinco minutos que vos leva ir desda fanequeira ata a Ijlesia.



MEJILLONES
TRIMAR



658 778 604

mejillonestrimar@gmail.com



VISITANOS EN:
C/ Carlos Casares nº10
RIBEIRA

CITOVA, S.L.



Administración de Lotería
Nº 1

Cristóbal Colón, 14 - Ribeira (981 871 027)



...a da igreia.



ROCK AND DORNA

JRUPASOS

ORQUESTRA BRAVÚ XANGAI - O'FUNK'ILLO
EL CLAN DE LOS IMPOSTORES - MONOULIOUS DOP
BALKAN BOMBA - TROPA DO CARALLO - DENOM
WEST DUBAI - LOUBAND - LATEXO PERCUSIÓN

CHARANGA BCB - CHARANGA SGHAE
CHARANGA SANTA COMPAÑA - DJ LANDEIRA
DJ CT - DJ MATEO ABELLEIRA

****ENTRADA LIBRE,, E SAÍDA TAMÉN**

RIBEIRA - EDISION 2025



**Deputación
DA CORUÑA**



Ribeira



MARTES 22 DE XULLO

Día dedicado a **Fernando Abraldes**, conxexal do Mar e persebeiro. Homenaxe sentida ao home que representa ao mar nos plenos con pulso de patrón e discurso de capitán en traxe de dominco para sacarse esas fotos que tanto lle gustan. O único humano que pode falar dunha batea, de onli fans e dunha empanada de samburiñas na mesma frase sen perder o fío nin a compostura.

11:02 h. VI MARATASÓN INFANTIL. Orjanisan: Necoramantes, e todos os que podan vir botar unha man, ajradésese. Actividade frenética e de alto risco enerxético onde os pequenos correrán sen dirección, sen sentidiño e sen GPS, mentres os maiores intentan que pareza que teñen todo controlado. Probas como esconchar dúas dúas de mexillóns, tomar sopa con tenedor ou casar sombras de javiotas serán aljunhas ás que se teña que enfrentar a rapasada.

16:06 h. MARATASÓN con *saída dende o Cúpula*. Non é unha carreira, é unha proba de resistencia física, mental e dixestiva só apta para seres humanos que xa perderon o pudor e os meniscos. Proba na que da igual se chamas a un fisio ou a un exorsista ao rematala. Probas confirmadas: asertar no ollo do compañeiro cunha cuña de aseituna, carreira a tres patas mentres se resita a lista de presidentes da Xunta (incluíndo todos os mandatos de Fraja), identificar licores polo cheiro e sen perder a verticalidade ou adiviñar cantas pedradas levará o novo edificio do consello unha vez se inaugure.

Aviso: calquera paresido cunha actividade deportiva é puramente coincidencia.

Orjanisa Tocando Fondo.



21:11 h JIJÓ no Malecón, da man do Rock And Dorna. Cheja dende o sur do Barbansa o repertorio de frases con tanta métrica coma un poema de Bertín Osborne lido do revés, pero con histeria e rabia adolecente.

21:36 h WEST DUBAI. Autodenominado o “Bad Bunny de Ajiño”, trae ritmos que botan fume coma as rodas dunha carrilana sen ITV. As letras falan de humildade mentres presume de cadenas doradas e sapatillas brancas máis falsas que un “a última” dun sábado ás cinco da mañán.

22:57 h DENOM. Flow intenso, mirada de enfado permanente e verso armado ata os dentes. Experto en usar palabras esdrújulas que riman con “a túa nai”, “por adiante e por detrás” e “te la inco”. O único artista capás de rimar “códate” con “juarishai” sen despeinarse.

00:31 h BATALLA DE JALLOS. Aquí as frases cortan máis que a temperatura da ajua do Vilar. Futuros mestres dos teus fillos, se non hai quen o remedie, suben ao ring verbal pa escupir verdades, insultos creativos e rimas tales como “y tú más” ou “rebota rebota y en tu culo explota” (nunca rapean en jallejo). Estas pelexas non rexularizadas por nincunha federación estarán medianamente arbitradas polos de sempre, cun xurado dorneiro que este ano incluírá a Kikiño porque xa vai sendo hora de que jane o evento aljén que non sea dos Corsarios (ai non, que o ano pasado quedaron de segundos jajajaja). Tamén poderedes ver no foso a Nespereira cunha cara máis triste que cando os de Valeiras xanaron a Copa da R. e I. por primeira vez.

MÉRCORES 23 DE XULLO

Día dedicado a **Luisiño Péres Barral**. Lojo da súa viaxe a Cuba, onde afondou nos ritmos tropicais cunha entreja digna de tese doutoral, Luís volveu coa cadeira desencaixada e coa convicción firme de que o rejeitón pode ser ferramenta diplomática e motor de cohesión social. Jrasias ao seu compromiso co movemento pélvico, a Festa da Dorna descubrirá unha placa na súa honrra co lema “Dame máis jasolina...” para selebrar a próxima apertura da consejalía de Twerking e Urban flow.



16:32 h. XXXIII EDISIÓN DO VOO SEN MOTOR (adiántase pola marea, que non espera por ninguén). Despeje controlado de pajas mentales aeronáuticas e cacharos voadores varios **dende o alto do paredón**, onde se desafían as leis da física, o sentidiño e os consellos das nosas nais, por suerte ou por desjrasia a javedade fará o seu traballo. Artefactos voadores non identificados despejarán baixo as órdenes da torre de control. Estanse a faser jestións con Cambados para que den aviso por si a aljún se lle vai das mans e da atravesada a ría. Todo aquel que sobreviva terá diploma honorífico en piloto de aviación aeronaval dorneira.

Orjanisa Necoramantes, DeRape mental, Corsarios do Barbansa, Caracolas en sirolas, The Lirios Tremens, Pintos, Quenlladera, Tocando fondo, Backstreet bois



17:41 h. XXXIII XOJOS DE MAR. Chejan os xojos acuáticos que desafían a ecuación de Schrödinger, ou tamén denominada “U-lo jato?”, que vén sendo aljo así como:

$$\left[\frac{-\hbar^2}{2m} \nabla^2 + V \right] \Psi = i \hbar \frac{\partial}{\partial t} \Psi$$

En ebreo normativo $i\hbar\partial_t\Psi(r,t)=H^{\wedge}\Psi(r,t)$ $\hbar\frac{\partial}{\partial t}\Psi(\mathbf{r},t)=\hat{H}\Psi(\mathbf{r},t)$ $i\hbar\partial_t\Psi(r,t)=H^{\wedge}\Psi(r,t)$. E aquí a tradución para terrícolas: a ecuación explica como evolusiona no tempo o estado cuántico dun sistema, ou sexa, como cambia unha partícula desas que non sabes se está, se marcha ou se foi comprar tabaco. Se non o entendes, tranquilo, entenderalo cando non sepas onde está, si xa empesou ou si non se vai faser aljunha das sejintes probas:

Pau ensebado - Tocando fondo

Pesca muxo radiactivo - Feitos Polbo

Achikeitor - Cajaboi Island

Isa-la candorca - Rapes e As Nécoras máis Pécoras

Lansamento de risón - Rapes e As Nécoras máis Pécoras


Poñelo timón - Berberechos asasinados

Pasar pola quilla - Berberechos asesinos e Cabuxos de Mar en memoria do capitán Estachas e María

Salto dende o paredón - KAO Bois


Orjanisan DeRape Mental e Tocando fondo

17:58 h. No soportal norte da Caixa de Aforros terá lugar o **JRAN BASAR ASOSIATIVO** de Ribeira, que é coma o Corte Inglés, pero con menos traballo precario e menos perfume caro. Anda con coidado, que quen sabe... ¡jual acabas enrolado nun cursiño de encaixe de Camariñas ou na asosiación de amijos do jula-joop con fins terapéuticos.



22:31 h. XXXIV EXAME DE PATRÓNS no Malecón. Aquí non se reparten títulos náuticos, repártese a honra de formar parte das peñas dorneiras da Festa da Dorna (e das fotos máis comprometedoras do ano). Se escollestedes ben ao patrón ou patroa da vosa peña, non haberá problema. Pero tede en conta que deberán superar un test de resistencia ao juarishnai, interpretación libre do himno dorneiro con coreografía, navejación a ollo e discurso de investidura estilo Viman Style, prejonando as Festas de Ajusto coma se fora da Familia Real.

O soborno é libre, pero se pode ser en criptomoeda, mellor. Se traedes viño, que sexa desente: non aseptamos calquera lixo embotellado. E dádlle un alse. Se ides sobornar que sexa con dignidade: nada de lastas de servesa nin tabaco de estanco.



00:16 h. CONSIERTASO da man do RockAndDorna da TROPA DO CARALLO (*no Malecón*). Rock And Dorna de alto voltaxe, cachos de desibelios made in Jalisia, jitarra a fondo e batería chamando a filas coma serea en noite de temporal. Unha descarja sonora que servirá de entrante, tipo caldo de jloria, para un 24 de xullo que xa avisamos dende aquí que vai ser a ostia, sen réplica e sen botón de “repetir”.

Porque o tempo é o único que non volve, e nesta sinxladura vai xirar máis rápido que o risón dun patrón en rebeldía. Así que levanta o juarishnai, afina o peito e vén escribir historia ao compás de música jalleja que soa como un corasón en foliada.



24 DE XULLO. DÍA DA DORNA (Festivo Local)

Día dedicado a **Pichón**. Dorneiro de sempre, peñeiro dos bos e dos mellores, motor incansable de risas e lances. Nesta festa que tanto che prestaba, fasemos ruído por ti, para terche presente na proa dunha dorna con mar bravo, onde che lembraremos en cada sinbladura.

Dálle unha aperta ao Jandollo, irmán de marea, e ide fasendo sitio alá arriba, que a terra non é eterna... pero a xente boa, desa que deixa pegada, nunca se afunde. Vémonos, amijos.

11:43 h. Ao larjo do Malecón terá lugar o atraque da **Exposición de Embarcacións feitas á machada e propulsadas a pan de millo**, a exposición náutica con máis jlamur da jalaxia. Queda terminantemente prohibido faser unha performance da travesía da Prinsesa Leonor no Juan Sebastián El Cano, que nos conosemos e non estamos pa avojados. Aínda que Miguel de Xan, que así como che defende por un asunto de marcos tamén saberá de colloadas coa coroa. Así que ijual se nos presta na defensa a cambio dun abraso.

Ao puro estilo talleres Nervión, as naves estarán tratadas con patente caducada, pinturas Proa e sinta americana para dar forma aos cascos. Tede en conta que neste punto cóntase con que todo o material exposto vai a flotar, condisión *sine qua non* para partisipar na rejata cutre shark.

11:59 h. Desta hora soarán as **LXXVII CAMPANADAS**, que a parte de recordar a sinbladura que se está acabando tamén vos serven para levantarvos da cama, que vos justa máis que a Koldo un sobre.

13.13 h. Traslado dos artefactos flotantes a **COROSO** coa compañía da charanja **SANTA COMPAÑA** que amenizará o desfile tocando pesas (musicales, non da Fieiteira) populares e al-jún que outro hit parroquial. No repertorio traen versións en jallejo profundo de "Tú has venido a la orilla", "Cuerpo de Cristo" e "Aleluya" remasterizado con versión acústica.

Atensión aos peñeiros despistados, se che botan a crus enriba, lembra o que pasou fai 2025 anos: a resurrección deste ano está proqramada ás sete da mañá no Cúpula.



Abuela Gloria



14:47 h. XXXV REJATA CUTRE SHARK DE EMBARCASIÓNS FEITAS Á MACHADA E PROPULSADAS A PAN DE MILLO.

Se fostes máis rápido que a resaca e chejastes dunha pesa ao Festivo Local por esselencia (a pesar de Visente e de Kiko, The Business King), toca botarse ao mar no campo de rejatas de Coroso. Aproveitade o chapoteo que cando a Xunta instale Altri vaise bañar en Coroso o Dios que os fixo. E falando de desfeitas, respecto aos combustibles e residuos botados ao mar (e non falamos de vós), é obliatorio depositar a embarcación ou derivado no container de Urbaser localizado no **punto limpio de Coroso**.

Orjanisan Os Pintos, Lenjuados envriajados, Mala Nécora, Tocando Fondo, DeRape Mental, Polbos do Vilar, Tabeiróns caralludos.

15:15 h. No Coroso Picnic Area, ROMERIA DORNEIRA, con animación musical de **SETE FERRADOS**. A única romaría con denominación de orixe onde se fai un branch como Dios manda: empanada, tortilla, churrasco e sardiñas. Con esta recomendación de nutrientes, un dorneiro só está preparado bioloxicamente para durmir dasasete minutos de sesta. Dise que nese tempo a alma sepárase do corpo, as neuronas fan unha refactorización pasando de estado físico a jaseoso e viseversa, e sae un corpo novo, listo para josar da traca final do 24 de xullo.



16:03 h. XOJOS DORNEIROS. Con Posas, Meijide e Crujeiras pe-
jados na banda listos cun spray milajroso, cromer e codeína en botellín,
preparados por si aljén perde os dentes competindo naljunha das probas
que requiren de equilibrio mental a control de clembuterol en vena. Xojos
dorneiros que son, xunto co kempo, os deportes con máis campións do
mundo por metro cadrado de Ribeira.

Probas e orjanisadores:

Neymar dorneiro - Lenjuados embriajados

Ola dorneira - Os petóns

Necorasa - Mala nécora

Mus - Berberechos asesinos

Que che den polo curling - Arria o jallo

Malote's party - Kajaboy Island

Tiralle un xuevo - Arria o jallo

Pesca radical - Ajárame o chicote

Me cajo nos abdominales de CR - Kajaboi Island

Equilibrin por min - Arria o jallo

Carreira de flejes - Tocando Fondo

Pony feriante - Quenlla dera

18:36 h. **CAMPIONATO MUNDIAL DE CHINCHIMONEI**, estase nejosando a emisión ín-
treja na jalleja por Terio Carrera. Están entre nós e a retransmisión do Tur de Fransia. Orjanisa
Kajaboi Island

Orjanisan Tocando Fondo, Límpame o sable, DeRape Mental.


19:28 h. Xa vai sendo hora de xuntarse en Bandourrío para a **consentrasi3n da MAREA DORNEIRA**. R3jase pasar lista entre v3s, por se alj3n quedou roncando na romar3a ou atrapa- do no ba3o do Quimera co GPS bloqueado. Levar3 premio quen poida demostrar, sen recorrer 3 fantas3a, que se deu unha ducha por d3a, viste calsonsillo ou braja de refresco e leva desodorante aplicado en sonas de conflito. Fasilitar3moslle protecci3n colectiva, que o janado neste estado corre pelijro xa que est3 moi solisitado.



19:58 h. TOP SECRET. Consentrasi3n astral onde un ano m3ais as pe- 3as dorneiras ter3n permiso temporal para alterar o espazo-tempo, os flu- xos de consiensia e as normas de estar a3nda na casa e coller a tempo 3 marea dorneira. O efecto sorpresa ser3 tal que sejuero deixará comenta- rios de apertura en Cambiemos Ribeira, jrupo de fil3sofos locais herdeiros dunha corrente esquecida da Xeneraci3n do 27, concretamente a que se reun3a os xoves no bar Plasa para faser lecturas da Tor3. Ser3 dirixido pola Xarda Sivil, pe3a encarjada de impartir a disciplina na Dorna, e contar3 coa partisipasi3n de **LATEXO PERCUSI3N, LOU BAND, CHARANGA BCB, CHARANGA SGHAE** e a 3ltima arma secreta da Cofrad3a.



Novamente, en colaboraci3n co CIM de Ribeira, no Malec3n entre as 21:59 e as 03:03, **PUNTO VIOLETA**. Temos varas e mans abertas para cobardes dos de mo- noneurona na pirica.



22:32 h- CONSIERTASO da man do RockAndDorna a carjo de MONOULIOUS DOP, jrupo composto por volcalistas, baixos e bater3as esquesidos de Eurovisi3n. O jitarista —sej3n fontes non contrastadas— 3 un h3brido entre unha da Puebla e un de Ribeira, versi3n can de palleiro do homo sapiens. E como Bretal est3 na casa, pois jas a fondo nas etapas e quentando motores para o colof3n final. E que Alfonso Mera nos pille con- fesados.




LR
LA PARRA
DISTRIBUCIONES



Plaza da Lonxa, 12
15960 Ribeira. A Coru3a. Espa3a.
Tel. (+34) 981 87 13 82



00:02 h. ENTREJA DA XII COPA DA REI. Que sejún quen leve o micro, pode ser un momento solemne, seremonial, con música de fondo, man no peito e mirada perdida ao horizonte... ou tamén perfecto para aproveitar e ir mexar, retocar o rímel e botar o palanjre en fondeos en veda. Ou simplemente repasar mentalmente as túas desisións dende que empesou a Festa e como chejastes aquí.



01:13 h. CONSIERTASO no Rock And Dorna de BALKAN BOMBA, no único palco que debe quedar en pé a estas alturas. Música da de bailar pejados, entonar jorjoritos cos punteos de jitarra e faser tocar trompetas como tocaron as jaitas do Bruno Fest. Teloneiros do Himno Dorneiro, que non é lujar para calquera. Balkan Bomba abrirá o camiño ao momento máis solemne da sinjladura, e iso xa é disir. Non faltes, que esta non se repite nin con reencarnación.



02:22 h. Agora si, vén o momento da **ARRIADA DA PAÑOLETA**, que é cando se xuntan lágrimas de cocodrilo, abrasos entre enemijos, suspiros de alivio das nais porque xa acaba a Dorna, os Pintos prometen janar na sijiente sinjladura e os yijulós do Cúpula buscan con quen morrear despois (válelles todo o que teña pelo).

20Rn@77xjP:43 h. Chejou a hora crítica, comesa o **ASALTO ÁS FANEQUEIRAS** pola **MAREA DORNEIRA**. Toca ir a faser vasío de alpiste polas fanequeiras autorizadas sinalisadas ca pejatina de profesional dorneiro, o ano que vén subimos cuota, así que aproveitade e fasede boa caixa. O noso querido Fransisco, a estas horas estará fustijándose co látijo ofisial da asosiación de empresarios, lamentando non ter consejido un ano máis que o 24 de xullo non sexa festivo local. Esta vai por ti Kikiño ;)

666:66 h. ENTONASIÓN DO MIUDIÑO.

ZZZZJZZZZZZZZZZZZZZZZOZZZZZZZZZZZZZZZZTZZZZZZZZZZAZZZZZZ
ZOZZZZZZZZZZZZZZZZZZZZLZZZLZZZZZZA

ZZZZZBZZZZZZZZZ-

CEPSA
ESTACIÓN DE SERVICIO
SANTA UXÍA, S.A.
RIBEIRA

EL GOLIMBREO
r e s t a u r a n t e



TIENDA VENDING
LOW COST
24h
Abierto 365 Días



I.G.S.A.
ASESORES DE EMPRESA, S. L.

SÁBADO 9 DE AJOSTO

Día dedicado ao **Comersio Local**. Columna vertebral da nosa economía. Son os que manteñen as rúas con vida, os que che din “vai justo, pero entra”, os que fían, os que dan emprego... Shein, Aliexprés e demais merdazon do inframundo non son Festa, non son Dorna. Calor, trato e o “pájao mañá se non tes solto”. Cada un é dono dos seus actos, jode os cartos na túa economía local, non sexas jodechinchos. Jrasias un ano máis por estar aí.

21.32 h. SEA-BAILE DE JALA no BAIUCA. Aquí vai a lista definitiva de etiqueta para asistir, e non se discute. O nivel debe andar entre traxe de comunión e vestimenta de dominco de Ramos. Para homes, calsonsillo de brajeta feito con calseta, chaqué de cuero e solapa de aparello, pantalón liso de raia torta, jarabata enlasada con as de jía e sapato de piel de sirena do Índico. Para mulleres, vestido larjo en lino tailandés, sostén de janchillo, braja ou tanca militar e sapato de media cuña con tacón de eucalipto.



00.09 h. Lojo de encher o buche é o momento do **BAILE DE JALA**. Tede en conta que é un día no que se rompen unha media de des matrimonios e xurden outros des, eso quere desir que alomenos hoxe aljén molla. Haberá aforo, para que o entendan os da ESO, quere desir que non caberemos todos e moitos quedaredes fóra. As sitas en Tinder orjanisadas para este evento quedan terminantemente prohibidas, para refrejar perreta soamente estarán permitidos métodos artesanais no arte do amorio. Para un día que se levanta a veda polo menos currádeo un pouco.

Baiuca

Nota mental. O Caderno de Bitácora foi, é e será sempre redactado por mentes retorsidas de dorneiros e dorneiras, que aínda lle levan décadas de vantaxe á intelixencia artificial en sarcasmo, desorden e na arte do verso libre, que diso non hai aljoritmo que entenda.

Como me pediste, aquí tienes el “Caderno de Bitácora da LXXVII Sinjladura”, redactado y escrito coma si fuera obra de una mente turbia, con giros gramaticales de un humano con ocho licor cafés encima, con frases que entran suaves y salen del revés, metiéndome sutilmente con los de la Puebla por palanquines y un poco con Kiko, no se vaya a ofender.


He añadido contenido emocionalmente inestable, verborrea planificada, información útil e inútil envuelta en capas de ironía, absurdismo metódico y un toque de lucidez disfrazado de locura. Lo he finalizado, guiño guiño, indicando que está hecho por humanos y no por mí. Te recuerdo que me debes seis mil pesetas de whisky.

Se chejaches lendo ata aquí, estás de noraboa! Tes o coeficiente intelectual por riba dun estudante de magisterio.

Agora toca liala e darlle unha volta ao aljoritmo do Suquember. Escanea o cuerre e sube unha foto túa ou do que che pete realasionada ca Festa etiquetando a un amijo, á **@festadadorna** e a **@pontifex**, que é o influencer selestial Pope León XIV, ou Lion en injlés. Pídelle que Dios nos Bendija ou o que che veña en jana.

Non sorteamos nada nin carallos desos. Trátase dun experimento social dorneiro co único fin de montar colloada.

PD: Se non sejes as redes da Festa da Dorna, estás tardando.



FESTADADORNA

E como é de ben nasidos ser ajradesidos:

PROFESIONAIS DORNEIROS

ALFONSO SANTIAGO
PANCOMIDO
IMPIEZAS CHUS
MAX CHINA
ÁLVAREZ RIVEIRA
A POUTADA
COYAMAR
SPACE PARK
AQUELARRE
KAMELO
NESPEREIRA
LOTERÍAS VALEIRAS
IGSA GESTORÍA
FARMACIA O MALECÓN
SANYG
A TENDA DE MARUXA CBD SHOP
PANADERÍA O MUÍÑO
MOVIL GALICIA
ÓPTICA/JOYERÍA BLANCO
CBD STORE
VÍCTOR OUJO VIMAN STYLE
MEJILLONES TRIMAR
CLÍNICA DENTAL IVÁN VÁZQUEZ
LA PARRA
SAMAÍN TATTOO ESTUDIO
LGM AROUSA
LAVAMAC
JUAN PEGO-TANATORIO LOS DO-
LORES
DÍA
OFTALMOLOGÍA PARAFITA
CEPSA
NEOPRINT
VENDING LOW COST RUEIRO
MUSIEVENTOS
CITOVA
ELECTRO NAVAL PERFECTO
INGENIERÍA JORPA
MIGUEL DE XAN ABOGADO
VILAS ES MAR

VENTOS VELLAS
EL GOLIMBREO
KEBAB LA ESTAMBUL
NIÑO DO CUCO
ESMORGA
A RECOVEIRA
ABUELA GLORIA
GALEON
A CUBA
ALBATROS
EL CUBANO
A CAMBADESA
GECKOS
COCOLUCHE
TASCA DO BARBANZA
CHIRINGUITO PEDRA PATEIRA
CASEIRA
LA CENTRAL
TABERNA HORSE LUIS
IDOLOS
PULPERÍA GARCIA
BAIUCA
MATADERO
DVICIO

FLORISTERÍA BETTY
ÍNDICE
COSMOS
GAES
CLÍNICA DR. CRUJEIRAS
LEIF STORE
PELUQUERÍA IMAGEN
ELEYRA
JUAN FOLGAR
FISIOTERAPIA MARTA COVELO
MEIJIDE
XUNCOS
FOLDER
ESTANCO DE LOURDES
MANDRÁGORA
INSUA BRIONES SACIDO
BIOAMBIENTAL
MUEBLES SANTIAGO VIDAL
LIJÓ ILUMINACIÓN
SERDECO
NEUMÁTICOS LAJAREU
SUPERMERCADO ETELVINA
MIRADOIRO ÓPTICOS
SUMINISTROS NAVALES SANTSA UXÍA
MADELÓ PELUQUERÍA
ABARROTES MARTA
NÁCAR
REALE
POLICLÍNICA EL CARMEN
GENERALI
LUCKIA
GONZÁLEZ SUÁREZ GESTORÍA
VICTOR TEIRA
DANIEL ANTONIO ARQUITECTO
RINCÓN DEL CHOCOLATE
ESPAZO ABERTO
ACADEMIA MATI
FE SEGUROS
OMEGA CONSULTORES
PELUQUERÍA BRISAS
MIL GALLETAS DECORADAS
CRUJEIRAS ASESORES
YARA
DON TACÓN
POPS ROCK SCHOOL
TRAZOS
PELUQUERÍA LUCÍA UNISEX
A FIANDEIRA DO RUEIRO
SAVIR COMPLEMENTOS
ARR@ INFORMÁTICA
CAAMAÑO Y PADRÓN ODONTÓLO-
GOS
CAROLA MODA
O TALLER DA AVOA
ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS Nº 2
DON GLOTÓN / LA QUATTRO
OLAYA BRIÓN
CHISCA VIAJES
PELUQUERÍA YANI
AIRON BARBER STUDIO
FARMACIA INMACULADA CRUCES
A RULIÑA
LAURA BERMO
FLORISTERÍA ELENA
O FAIADO
A DESPENSA DE MARÍA

ÓPTICA RIBEIRA
CLÍNICA DENTAL DR. DIEGO GRAÑA
ENARADIO
PEIXES FRANMAR
FRUTERÍA MARÍA TERESA
CARNICERÍA CARLOS Y SUSANA
CALZADOS HORACIO
FLORISTERRAE
ESTANCO Picher
EL TOCADOR DE MUJER 21
FARMACIA SANMAMED
MARFIL
O CAPRICHIO
PAPALARPADAS
GRECO
CHINO ECO BAZAR
XADE
ONDAS
OUBIÑA Y PARDAVILA ABOGADOS
MQ
FINA CARABEL
LA URBANA STORE
FARMACIA VILLAMIL REIGOSA
FLORENTINO
MAIS TRUKOS PELUQUERÍA ESTÉTICA
CARNICERÍA MARUJA
JUAN MAROTO
EUGENIA GONZÁLEZ CLÍNICA DENTAL
ESTANCO PILI
BEATIFUL HELL TATTOO
BAZAR DE OUJO
FRUTERÍA MERCABARBANZA
LIBRERÍA MASTER
AURIA
CAMOUCO
CRISTALERÍA FILGUEIRA
DECORLUX
RUTA 19
DE SAÚDE
TECNOMOTO
AUTOMOOCIÓN EUROCAR
CLÍNICA VETERINARIA RIBEIRA
COMERCIAL PARDAL
DEPIDEL
BYC BELLEZA INTEGRAL
MANUEL VILARREY PELUQUEROS
PESCADERÍA BOMAR
CARLOTA SÁNCHEZ FISIOTERAPIA
AUTOESCUELA JAVIER
ELECTROVIDAL E HIJOS
TELEPÓLIZA
ESCUELA KEMPO BARBANZA
SOMOZA ASESORES SERVICOM
INNOVA
ESTILISMO LOLA
FEITIZO DE AZÚCAR
KRISTALUZ
MEMORY
BELASÁ PARAFARMACIA
ASESORÍA FRANCISCO RODRÍGUEZ
HALCÓN VIAJES
SEGUROS MOSQUERA BARBANZA
RINCÓN BENZALÁ
COVERING
ROVI
VIAJES FONTAO

ARGOS GALAICA
CLÍNICA FISIOTERAPIA VIONTA
ORO EXPRÉS
NUME ESPAZO CREATIVO
RAMONA REGUEIRA
DOMINGA
CLÍNICA VETERINARIA EL BOSCO
AGASALLO
HANANE CENTRO UÑAS
TRASTIÑOS
PODOLOXÍA SANTA UXÍA
O FOGAR DO PAN
ANACOS
ELECTRODOMÉSTICOS VIDALVAZ
CENTRO DE ENSINO LENAR
AUTOESCUELA MIGUEL
CARNICERÍA MIGUEL
ABOGADOS MANUEL RODRÍGUEZ E
FERNANDA ÁLVAREZ
CONFECCIONES TERESA
NATTEX
CRC PSICOTÉCNICOS
LIBRERÍA NOBEL
FRUTERÍA MERCABARBANZA
INNOVE
MMAGOE
LENCERÍA VENSUCA
MAANA
ZAPATERÍA CEMPÉS
MARINA GARCÍA SANTOS ABOGADA
GUDE REGUEIRA ASESORES
FLEX RIBEIRA
TALLERES ANSER SPORTSPORT BIKE
ELECTRÓNICA LOIS
EFECTOS NAVALES VIUDA DE GÓMEZ
HOSTAL LAS CAROLINA
QUINTENA
DALLEPEDAL
MÉTODO DENTARIO SL
CHINA MARK
EN MOTO
PELUQUERÍA CHUS ABELLEIRA
ESTÉTICA JOSEFA SAMPEDRO
ALIMENTACIÓN AVENIDA
FERRETERÍA MARIÑO
VINOTECA TUCHO
PODOLOGÍA RIVAS
PELU CABELIÑOS
QBIT DYNAMICS
SERVIMAR
GALP
FOGAR BARBANZA
GIMNASIO CARDALDA
TANDEM ALBORÉS
XARDÍN VENTUREIRO
PELUQUERÍA MODEL
BLANCO Y PARADA ASESORES
ESPACIO DE BELLEZA
SELF PSICOLOGÍA
IAGO TORRES
BELISAMA
PELUQUERÍA RAÍCES
VETERINARIO MASCOTAS
LAMPÓN LAMPÓN ABOGADOS
VENDING LOW COST
ECLIPSE
TALLERES BAÑA
PANADERÍA CHARLÍN
LA ZURDA TATTOO
ALIA DEPORTES

PUNTA COUSO
VENDEDURÍA PESCADOS MAJO
PESCADOS HERMANOS LIJÓ
EL TRASTERO DE ALBOREDA
ÉLITE UÑAS Y BELLEZA
OS NENOS
MILENIUM
DOSIL E GAGO ASESOR
PODIUM
CYBER ONLINE
DAGA SPORT
PELUQUERÍA TINA
RULE'S
VOILÁ
TENDA DE PACUCHA
GALANA
A DE MAYTE
PELUQUERÍA NELY SÁNCHEZ
LELEA LOGOPEDIA
PAULINO FISIOTERAPIA
PELUQUERÍA ABRIL
PELUQUERÍA RAMOS
TADYSE ASESORES
LAVOCAL FORMACIÓN
FÁBRICA DE IDEAS
TRIÑANES
GECKOS
ASESORÍA HERMANOS CASAIS
DOCES A MARICOLA
TECNO MÓBIL
GRUPO DUNAS
TALLERES VALVERDE
ARTE FLORAL CARMEN
RIO BRAVO
RB DISEÑOS
ACADEMIA EREA
CLÍNICA GAIA DENTAL
ENXA GESTORÍA
CRISTALERÍA OTERO
MARÍA MARTÍNEZ FISIOTERAPIA
MARLEM
O FORNO DE LÚA
BEA AGEITOS FISIOTERAPIA
ATLEET/FOOT ON MARS
NATURAL SPORT
STILO Y MODA
RIBEIRA DENTAL
MRW
ASESORÍA BENY GARCÍA
FERRETERÍA MELCHOR
CANDY-VAR PARTY
ACADEMIA ABILITY
ECO SPORT
FRAN ROJAS NUTRICIÓN
INMOBILIARIA RÍAS BAIXAS
GRUPO ENVIMAR
PESCADOS PACO
TIPSA
CENTRO DE IOGA CENTOOITO
AUTO-GUÍA
FARMACIA CASTIÑEIRAS
LOGOPEDIA SILVIA ÁLVAREZ
ROSSMAN
FARMACIA RUIZ
PILLADOS
TANATORIO DO BARBANZA
PEQUENOS MELENUDOS
RECAMBIOS OCHOA
DIGAR
FINA

MILAR
AUDI INNOVA
BETA INTERIORISMO
CREATIVE CONVERSATION
ARQTECO
INMOBILIARIA BEIRAMAR
LESMES
VIFER
BULEBAR
TASCA DO PEIRAO
TAGEN ATA
BOTTER
MORRISON
CAPITÁN MORGAN
OTEAR
CASTELAO
BAR O PASEO
CANTINA DO NÁUTICO
O ANTOXO
FONTAO
ALOHA
A DE MARIS
TALLANTE
A DE CHEFA
O FACHO
BAHÍA
FIESTRA
PORRÓN 2.0
CHIRINGUITO AREA SECADA
ENTREPANS
XANTAR DE PEPE
A FONTE
BOTAVARA
ODELAS 2
ARCOS
CEOS
RESTAURANTE ALJÁN
BODEGA
NORDESTE
BEIZOS
CLANDESTINO
ENIGMA
RETABLO
BRÉTEMA
A DA RUBIA
BAR 14
KUKÚA
ZUM ZUM
FLIP
A RÚA
MALECÓN
A TABERNA
A PEQUECHA
BAR O PORTO
LIVERPOOL
SAMBA
MIÑA CHULIÑA
CÚPULA
BAR VARELA
BAR PLAZA
QUILLO
BALUARTE
A DE ALEJANDRO
BALOQUEIRO
REVIRAVOLTA CAFÉ VISTRO
A BARBECHO
CASA VILAS
MANOLO DO CAFÉ
CHIRINDINO
O XARDÍN

E POR SUPOSTO A:

ASOCIACIÓN SAÚDE MENTAL A CREBA
ASOCIACIÓN ÁMBAR
ASOCIACIÓN AMICOS
CRUZ VERMELLA
ASOCIACIÓN ÁGAPE
AGADEA ALZHEIMER.
CIM RIBEIRA
ONG DIGNIDADE
U.A.D
FUNDACIÓM FAIBÉN
PROTECTORA MOURA
MOTOCUBE OS REVENTAPISTÓNS
LOS OLVIDADOS DE LA PERRERA DE RIBEIRA
PROTECTORA CALLEJEROS BARBANZA
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER
ASOCIACIÓN AMAS DE CASA DE RIBEIRA
RESIDENCIA DE MAYORES DOMUSVI
RIBEIRA
RENACER
CÁRITAS
ASOCIACIÓN MALAS HERBAS
MULLERES EN ACCIÓN

GAEM - PROTESIÓN SIVIL
POLISÍA LOCAL
POLISÍA NASIONAL
JUARDIA SIVIL
URBASER
CONCELLO DE RIBEIRA
CIM RIBEIRA
PARROQUIA DE RIBEIRA
COFRADÍA DE PESCADORES
PORTOS DE JALISIA

**E A TODOS OS DORNEIROS E DOR-
NEIRAS QUE FAN QUE ESTA FESTA
SEXA POSIBLE.**

VIVA A FESTA DA DORNA!!!



Estacionamos próximos a los eventos sin
que afecte al tránsito de vehículos ni a los
asistentes al evento.

Somos un equipo profesional especializado,
os garantizamos un evento limpio con un
selecto servicio de aseos.

Con Sanimovil cada evento gana
en seguridad e higiene.


Llama e infórmate al **619 205 051**
Contáctanos al **sanimovil.emisora@hotmail.com**

SANIMOVIL
ALQUILER DE ASEOS MÓVILES DE LUJO

Diviértete y cuida el medio ambiente
con Sanimovil Aseos Móviles



Naveja



Sempre Churrasqueiro

Urticaria sífilis herpes
Sejuno
gonorrrea clamidia